

O Antigo Réxime

Definición.–

Organización social, política e económica da Europa Occidental e Central dende finais do século XV a finais do século XVIII.

Demografía do Antigo Réxime.–

A principal característica é o estancamento do crecemento da poboación. Había unha gran taxa de natalidade, pero era compensada cunha taxa de mortalidade tan alta coma esta. Houbo etapas de crecemento demográfico (s. XVI) e etapas de diminución da poboación (s. XVII) debido ás malas colleitas e ós andazos (peste bubónica). Nun destes andazos, un país podía perder ata o 20 % da poboación e unha cidade máis da cuarta parte dos seus habitantes. A finais do século XVII e durante o XVIII, prodúcese unha recuperación.

O caso contrario deuse en Galicia onde, no século XVIII, a poboación duplicara ós habitantes do século XVI. Isto foi debido a que chegaron de América novos cultivos, coma o maíz e a pataca. Posteriormente, no século XVIII, estenderíanse por toda Europa.

Economía do Antigo Réxime (agricultura).–

A agricultura do Antigo Réxime é tradicional e comercial.

É tradicional porque as técnicas, os sistemas de cultivo e os propios cultivos non evolucionaron. Utilízase o barbeito, que consiste en deixar acouga-la terra, e ésta non se abona.

É comercial porque busca excedentes para abastecer-la cidade máis próxima.

Economía do Antigo Réxime (industria).–

A industria do Antigo Réxime é artesá, e divídese en urbana e rural.

– Urbana: estaba organizada en gremios, que agrupaban ós traballadores das distintas profesións. Os gremios están rexidos por un reglamento que obriga a conseguir unha alta calidade nos produtos, mediante boas materias primas e a dedicación de moito tempo. Isto implica un alto prezo dos produtos. O gremio limitaba a produción, é dicir, non permitía máis dun determinado número de pezas. O gremio tamén tiña unha labor social, axudando ás familias que o necesitaran.

Os artesáns traballan en talleres. Hai unha subdivisión da categoría de cada un dos artesáns, dividíndoos en mestres, aprendices e oficiais. Os mestres son os donos do taller. Os aprendices son os que aprenden o oficio e os oficiais son os empregados do mestre. Se un oficial quere monta-lo seu propio taller, debe presentar ó gremio unha obra, que íste considerará como maestra.

– Rural: a industria rural elabora produtos de baixa calidade e baixo prezo. O sistema de traballo é o que se denomina "Sistema Doméstico de Producción". Un burgués sumínistralles ós campesiños ferramentas e materias primas. O campesiño, no seu tempo libre, elabora os produtos. O burgués recolleos e véndeos na cidade.

Economía do Antigo Réxime (comercio e transportes).–

- Comercio: hai tres tipos de comercio: local, interurbano e internacional.
- Local (moi desenrolado): realízase na cidade. Tamén é o que relaciona a cidade co campo máis cercano.
- Interurbano (pouco desenrolado): dáse entre cidades dun país. Está pouco desenrolado por mor dos transportes e das vías de comunicación.
- Internacional (moi desenrolado): prodúcese entre países. Polo Mediterráneo, o Mar do Norte ou polo Atlántico con América.
- Transportes: o comercio terrestre (interurbano) está moi pouco desenrolado porque as vías de comunicación están en moi mal estado, conservándose só as da época romana. Casi non se fan carreiras e os camiños están moi descoidados.

Ademais, os vehículos que había tampoco axudaban, posto que só existían os carros. Outro sistema moi utilizado era o transporte arrieiro, por medio de mulos.

O transporte terrestre era lento, con pouca capacidade de carga. Ó pasar por un pobo había que pagar unha tasa, polo que o transporte era moi caro.

Outras veces, elixíase a navegación, en moitos casos fluvial e noutros, marítima. Este tipo de transporte tiña as vantaxes de que tiña moita capacidade, non había que pagar a taxa e era moito máis seguro que o terrestre. O inconveniente é que por medio de ríos e mares non se pode chegar a tódalas poboacións.

Características da sociedade no Antigo Réxime. –

A sociedade da Idade Moderna é unha sociedade estamental. Hai dous estamentos, o privilexiado e o non privilexiado. O elemento de diferenciación social é o privilexio (non paga os impostos e estar sometidos a unha xustiza diferente, con penas máis suaves).

Os grupo dos privilexiados son a nobreza e máis o clero. Os non privilexiados, os campesiños, os burgueses e os xornaleiros.

Sociedade do Antigo Réxime (non privilexiados). –

- Campesiños: son o 75 % da poboación. Teñen un nivel de vida baixo. Sobreviven nos anos bos e poden chegar a pasar fame nas crises agrícolas. Teñen varios gastos, que supoñen máis da metade dos seus ingresos. Estes son pagar a renda da terra, os impostos e un diezmo da colleita. Hai varias clases de campesiños:
- Campesiños propietarios da terra: son un mínimo porcentaxe do total da poboación. Adoitan ser donos dunha pequena parcela de terra e, se lograban ter un ou dous bois, eran considerados ricos polos outros campesiños.
- Campesiños que alugaban as terras: alugaban as terras e adoitaban pagar en especie.
- Xornaleiros: son os de peor condición. Traballan terras que non son da súa propiedade a cambio dun salario. Este traballo é temporal.
- Asalariados: teñen unha situación económica parecida á dos campesiños: anos bos e malos. Nos bos sobrevivían porque tiñan traballo. Nos malos, a mendicidade, o roubo ou a caridade axúndanlles a subsistir.

- Burgueses: podémolos clasificar en:

- Pequena burguesía: son os burgueses da cidade, que se dedican á industria ou ó comercio. Viven acomodadamente. Sobreviven ás crises económicas.
- Profesións liberais: son os profesores, os médicos, os avogados... Cada un depende do seu traballo, aínda que en xeral vivían con certa comodidade. Nas crises pasaban algún apreto.
- Alta burguesía: adícase á banca, ós grandes negocios ou ó comercio internacional. Viven moi ben, son ricos. As crises non lles afectan.

Sociedade do Antigo Réxime (privilexiados).–

- Nobres: viven no campo ou na cidade. Todos son propietarios de terras. Hai varias clases:
 - Nobreza cortesá: son os nobres que viven na Corte, onde vive o Rei. É considerado un privilexio poder vivir co Monarca. Son a nobreza máis alta. Teñen moitos ingresos, aínda que tamén moitos gastos (vestirse ben, ir a festas...). Poden chegar a ter problemas económicos, que solucionaban pedíndolle préstamos ó Rei. Esta nobreza héredase por lazos de sangue.
 - Nobreza provinciana: son os nobres que viven nas provincias, teñen grandes cantidades de terras e viven con desafogo. Tamén se hereda por lazos de sangue.
 - Nobreza de toga: son burgueses que, no século XVII, mercaron os títulos nobiliarios cando os reis tiveron problemas económicos e puxeron á venda estes títulos. Os nobres de sangue rexéitanos e evitan as relacións con eles.
- Clero.– hai bispados moi ricos (Toledo, Santiago de Compostela), aínda que tamén existe o extremo oposto: o clero rural ou parroquial. O seu párroco vive en condicións parecidas ós campesiños.

Sociedade do Antigo Réxime (Definición de foro e señorío).–

- Foro: é un contrato de arrendamento de terras característico de Galicia de longa duración (a vida de tres reis ou tres xeracións).
- Señorío: conxunto de terras que pertencen a un mesmo señor. Este señor téñ dous poderes:
 - Poder territorial: é o poder sobre a terra, isto é, que pode face-lo que el queira con esta terra (alugala, cultivala...)
 - Poder xurisdiccional: é o poder que lle permite gobernar sobre as xentes que viven nese señorío, face-las leis polas que se rexirán os seus territorios e xulga-las persoas.

Sociedade do Antigo Réxime (cidades).–

O 75 % da poboación vive no rural. Isto provocaba que as cidades non tiveran moitos habitantes (entre 5.000 e 20.000). A principal función das mesmas seguía sendo, coma na Idade Media, militar. Estaban rodeadas de murallas, as rúas eran estreitas, as plazas estreitas... A cidade europea máis importante no século XVI é París, con 300.000 habitantes. Pontevedra, con 8.000, era a cidade máis grande de Galicia, debido a que o seu porto era moi importante. Cando, no século XVII, baixou o nivel das augas, xa non puideron chegar barcos grandes ó porto, o que fixo que Pontevedra comezara a súa decadencia.

Política do Antigo Réxime.–

A política está baseada nunha monarquía absoluta, na que o rei é o máximo mandatario. Podemos facer unha división dos reinados:

- Na Idade Media, os reis dependen dos nobres para conseguir exércitos para poder guerrear. Isto provoca que o rei non teña todo o poder e que dependa de outros para poder gobernar ben o seu país.
- Autoritarismo: no século XVI, os reis queren concentrar todo o poder nas súas mans, creando un Exército Nacional. Ademais, o Rei nombra persoas ó seu cargo (funcionarios) para facer cumprila súa vontade. Pouco a pouco, o Monarca consegue concentrar en si mesmo todo o poder. Neste século hai que destacar un importante apoio á monarquía, Bedino:

Bedino xustifica o autoritarismo afirmando que os reis están nun grao superior ó ser humano.

- Absolutismo (Luis XIV "O Estado sono eu"): no século XVII, os reis xa teñen todo o poder. Aquí tamén temos que destacar outro importante apoio, como foi Bossuet:

Bossuet defende o absolutismo, chegando a afirmar a "orixe divina do poder do Monarca". Isto quere dicir que o poder vén de Deus e que o Rei non se pode trabucar. De tódalas maneiras, se se equivoca, só ten que xustificarse ante Deus.

- Despotismo ilustrado.– (século XVIII – Carlos III "Todo para o pobo, pero sin o pobo"): os reis din que queren conseguila felicidade dos cidadáns, pero son eles os que deciden qué é o que fai feliz ó pobo.

Na Idade Media creáranse unhas asembleas con diversos nomes: Cortes (na Península Ibérica), Estados Xerais (en Francia), Parlamento (en Inglaterra)... Estas asembleas estaban formadas por representantes do clero, da nobreza e dalgúns cidades. Pactaban co Rei algunhas leis que os favorecían a cambio de importantes cantidades de diñeiro.

Na Idade Moderna, estas asembleas perderon moita importancia. Outra cousa pasou na Gran Bretaña, onde houbo unha revolta contra a dinastía dos Estuardo, concretamente contra Carlos I, que acabou co Rei asasinado e unha República presidida por Cromwell no poder. Este señor convértese nunha especie de dictador, o que provoca que outra revolta (1689), desfaga a República e restableza a Monarquía, aínda que co seu poder limitado polo Parlamento, o cal podía aprobar ou rexeitalas leis, controlalos impostos e axudas económicas ó Rei e máis reunirse sen necesidade de solicita-lo permiso do Monarca.

CULTURA E ARTE NO ANTIGO RÉXIME

Renacemento (séculos XV–XVI).–

- Cultura: movemento artístico e cultural, que provocou un profundo cambio na sociedade destes séculos. Podemos dicir que ata cambiou a forma de pensar. Baséase en converter ó home no centro de todo (antropocentrismo), rompendo co que se daba no Medievo (teocentrismo). Un dos valores centrais do Renacemento é a curiosidade científica, o afán por saber. Rexeita o tradicional, guíase pola razón, o que leva a conseguir varios descubrimentos xeográficos.
- Arte: o arte no renacemento mira ó pasado, a Grecia e a Roma. Básase no equilibrio, na orde e na proporción. A estética deste arte está baseada na beleza. Para un artista desa época, algo é belo se está equilibrado, ordenado e proporcionado. Todo se planea, nada queda ó azar. Podemos verlas características da arquitectura, da escultura e da pintura:

· Arquitectura: hai dous tipos: relixiosa (igrexas) e civil (pazos). Úsase moito a columna, os pilares e os muros. Tamén os dinteis e os arcos son elementos de uso común. Esta arquitectura non se decora. Búscase potencia-la beleza do edificio nos propios elementos que se utilizan para construílo. Unha forma típica de remata-las igrexas é a cúpula (bóveda semiesférica). Arquitectos da época son:

- Brunelleschi (século XV).– Cúpula da Catedral de Florencia, Igrexa do Espírito Santo.
- Miguel Ángel (século XVI).– Cúpula do Vaticano.

· Escultura: pode ser de bulto redondo ou de relevo.

- Bulto redondo.– un exemplo claro pode ser unha estatua. Podes vela dende tódalas partes que ti a mires. Ademais permíteche dar unha volta arredor da mesma. Chámaselle tamén "escultura independente".
- Relevo.– faise sobre unha superficie plana. Chámaselle "escultura dependente".

Facíanse distintos tipos de esculturas: o retrato ecuestre, as relixiosas, as mitolóxicas (nu)...

No século XV empregábase unha técnica que buscaba o realismo, namentres que no século XVI xa se atopou o realismo pleno. Escultores da época son:

- Ghiberti (século XV).– 2ª e 3ª portas do baptisterio da Catedral de Florencia. A terceira porta, foi nomeada por Miguel Ángel coma a "Porta do Paraíso".
- Donatello (século XV).– San Jorge, David e o Gattamelata.
- Miguel Ángel (século XVI).– Crea as súas esculturas cunha gran musculatura. As miradas das esculturas están moi logradas. Incorpora a técnica do "non finito" (non rematado). Con esta técnica, busca o contraste, deixando parte da figura sen rematar, do esculpido coa rocha natural. Piedad do Vaticano, David e Moisés.

· Pintura: realízase sobre unha superficie plana (pared, lenzo) e utilízase a cor.

No século XV búscase, ó igual que na escultura, o realismo. No século XVI atópase tamén este realismo.

Os temas sobre os que pintaban os artistas da época eran o retrato, o relixioso (Madonna), o mitolóxico (nu) e o paisaxe (pouco desenvolvido). Este paisaxe pode ser urbano ou da natureza.

No século XV trabállase con cores puras, utilízase o debuxo, a liña de contorno moi marcada, pinturas con pouco volume e trátase de diferenciar planos, sen conseguilo.

O pintor non se fía da súa capacidade para conseguir un realismo, polo que ós santos e demais figuras relixiosas, lles colocan unha auréola.

No século XVI alcázase o realismo. Úsanse as mesturas de cores, permitindo diferentes tonalidades. Isto dalle volume ás figuras. Diferéncianse os planos, utilizando a perspectiva con punto de fuga. Os cuadros están organizados cun eixe de simetría. Algúns pintores da época son: Fra Angélico, Boticelli, Miguel Ángel, Leonardo da Vinci, Rafael. Os venecianos son Tintoretto, Tiziano e Veronés. Un exemplo español pode selo o Greco.

Humanismo.–

Movemento intelectual que se estendeu, sobre todo, na Europa do século XVI, que se baseaba no estudo dos textos antigos e que tiña por obxecto o desenvolvemento das cualidades esenciais do home.

O humanismo é un dos aspectos do renacemento: o do filólogo e o escritor que volven os seus ollos cara a Idade de Ouro das letras antigas e rompe coa tradición medieval e católica. Os eruditos italianos medievais considerábanse os heredeiros da antiga Roma, e a cultura grecobizantina subsistía parcialmente no sur do país. Dante, formado no espírito da escolástica e a teoloxía tomista, nutriuse dos mitos antigos. Petrarca admiraba a Homero e Platón... No século XV, os eruditos italianos buscaron no Imperio Bizantino manuscritos gregos e acolleron ós sabios fuxidos de Constantinopla trala toma da cidade polos turcos. Os escritores plaxiaron a Cicerón, Virxilio e Horacio. As correntes antigas de pensamento xa non se estudaron á luz da fe, senón por sí mesmas: dende Florencia, o platonismo de Marsilio Ficino estendeuse a toda Europa.

En España, figuras coma Arias Montano ou frai Luis de León aplicáronse ó estudio e tradución da Biblia, cunha devoción semellante á que lles inspiraban os clásicos. Esta liña do humanismo cristián é a que representaba Erasmo, intelectual de gran prestixio e influencia en España.

Barroco (séculos XVII e principios do XVIII).–

O barroco naceu polo agotamento do Renacemento. Deféndese a liberdade creadora do artista. Rexéitase calquera tipo de norma: o equilibrio, a orde e a proporción son rexeitados tamén. É unha arte desordeada, complicada, retorcida... Gústalle todo o que rexeita o Renacemento. Tén un exceso decorativo. Isto é debido a que pola crise económica europea do século XVII, viuse obrigado a traballar con materiais de moi baixa calidade. Esta decoración tapa os seus posibles defectos. Utilízase o color dourado para simular ouro.

- Arquitectura: a característica principal é o movemento. Trátase de conseguir mediante entrantes e saíntes nas fachadas. Na cidade de Pontevedra, a planta da igrexa barroca da Peregrina ten forma de vieira. Facendo esta igrexa con esta planta, conséguese esta sensación. Na Catedral de Santiago, o arquitecto barroco Casas Novoa fixo a fachada. Esta tapa a antiga, deseñada polo Mestre Mateo. Algúns arquitectos da época son:

· Bernini (S. XVII): Columnata da Praza de San Pedro.

· Borromini (S. XVII): "San Carlos das Catro Fontes".

· Churriguera (SXVII–XVIII): Retablo do convento de San Esteban.

- Escultura: é unha escultura moi realista. Trata de representa-lo movemento, mediante a colocación e as posturas das figuras. Tamén o consegue utilizando liñas en S e liñas curvas. Búscase dar unha forza expresiva no rostro. Os temas máis habituais son: o retrato, o mitolóxico (nu) e o relixioso (místico). Algúns escultores son:

· Bernini (S. XVII): "Éxtase de Sta. Teresa", "David".

· Borromini (S. XVII): Varias fontes en Roma.

- Pintura: é moi realista. Busca o movemento mediante a distribución no cadro dos personaxes. As súas composicións son moi complicadas: en diagonal, en aspa... Aínda que o barroco sexa unha arte aparente, os pintores dos séculos XVII e XVIII representan, elevando a categoría de arte, o que a sociedade esconde (mendigos, minusválidos...) Os temas máis habituais son o retrato, o relixioso, o mitolóxico, o bodegón (representa natureza morta, é dicir, obxectos inanimados) e a paisaxe.

· Caravaggio (S. XVI–XVII): "O Entierro de Cristo".

- Rubens (S. XVII): "Rapto das Fillas de Leucipo", "As Tres Gracias".
- Rembrandt (S. XVII): "Lección de Anatomía", "Os Síndicos do Gremio dos Pañeros", "Ronda de Noite".
- Zurbarán (S. XVII): Retratos dos monxes do Mosteiro de Guadalupe.
- Ribera (S. XVII): "San Andrés", "Martirio de San Bartolomé".
- Velázquez (S. XVII): "A Vella Freíndo Ovos", "Aguador de Sevilla", "Os Borrachos", "Fragua de Vulcano", "Retrato dos Ananos", "Retrato de Felipe IV", "As Meninas", "As Fiadeiras", "Rendición de Breda", "Cristo".

Ideas políticas que provocan a caída do Antigo Réxime (s. XVII – Inglaterra).–

- Locke: filósofo inglés que vai defender unas ideas novas, que son:
 - Os gobernos deben defende-la vida, a liberdade e a propiedade do individuo. No absolutismo non se lles recoñece ningún dereito ós habitantes, nin siquera o dereito á vida.
 - A monarquía debe estar limitada, rexeitando o absolutismo.
 - Defende a separación de poderes: executivo e lexislativo.

Ideas políticas que provocan a caída do Antigo Réxime (S. XVIII – Francia).–

- Montesquieu: autor de "O Espírito das Leis" (1748). Coñece as ideas de Locke, e baséase nelas e no Parlamento Británico para escribi-lo seu libro. Este trata da separación de poderes. Rexeita o absolutismo e crítico. Propón tres poderes:
 - Lexislativo: encárgase de face-las leis. Corresponde á Asamblea (reunión de representantes dos cidadáns).
 - Executivo: consiste en toma-las decisións e en facer cumpli-las leis. Corresponde ó Rei.
 - Xudicial: consiste en xuzgar ás persoas. Corresponde ós xuíces.

Montesquieu sostén que si os tres poderes recaen nunha soa persoa, derivarían na tiranía (abuso do poder). Tampouco acepta que se unan dous destes poderes no mesmo organismo ou persoa. Cada poder ten que estar separado dos outros.

- Rousseau: autor de "O Contrato Social". Nel rexeita o absolutismo, propón limita-lo poder da monarquía e non acepta que o rei sexa o soberano. A soberanía debe pertencerlle ó pobo. Rousseau defende a igualdade dos cidadáns. Tamén sostén que o rei é igual que a outra xente, negando as teorías de Bedino e Bossuet. Ó defender que a soberanía tena o pobo, Rousseau sabe que dezasete millóns de persoas non poder gobernar. Cómpre un contrato social ou pacto entre tódolos cidadáns. Este pacto consiste en ceder a soberanía o Rei e ós gobernantes. O Rei debe gobernar como queira o pobo: senón, os cidadáns poderían protestar.

Novas ideas económicas que provocan a caída do Antigo Réxime (s. XVIII).–

Adam Smith defende a liberdade da economía. Esta economía está controlada polos gremios e, ademais, está limitada polas aduanas interiores. Para conseguir esta liberdade, Adam Smith quere eliminalos. Outro aspecto importante do seu libro, "A Riqueza das Nacións", é permiti-la compra/venta das terras. No Antigo Réxime as terras estaban nas mans da nobreza e do clero. Os primeiros non comerciaban con elas porque eran

hereditarias e os segundos, porque era unha Institución. Smith rexeita a intervención do Estado na economía, quere unha liberdade plena e total.

Véxase tamén a pregunta con título "humanismo".

Columna: son de planta redonda. Adoitan levar capiteis decorados, que poden ser dóricos, xónicos ou corintios.

Pilar: columna de planta cadrada.

Dintel: elemento que se apoia en pilares, columnas ou muros.

Soberanía = poder